


Boletín Biblioteca A3P



Alfio Novato

BIOGRAFÍA

Uxío Novoneyra naceu o 19 de xaneiro do 1930 na aldea de Parada de Moreda, na serra do Courel, dentro dunha familia labrega acomodada. Chegado o tempo, Uxío estudou Bacharelato en Lugo, onde coñeceu a Manuel María. Nestes anos coñece tamén a María Mariño Carou e comezarán unha estreita amizade que se romperá só coa morte da escritora.

Aos 19 anos marchou para Madrid e matriculouse coma oínte na Facultade de Filosofía e Letras. Nestes anos escribe os primeiros textos en castelán que publica en revistas universitarias e comeza a recitar poesía. Voltou a Galicia para facer o servizo militar en Santiago. Aquí coincide de novo con Manuel María e entra en contacto co galeguismo da man de Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro ou Carlos Maside.

Entre 1953 e 1962 estivo case recluído no Courel por mor dunha pleuresía que o tivo ao bordo da morte. Neste mundo de soidade nace o poemario *Os eidos*.

Entre 1962 e 1966 volve vivir a Madrid e traballa no mundo da radio e da televisión e sempre en programas relacionados coa poesía. Ademais de participar no mundo bohemio do café Gijón entra en contacto coa vangarda e os autores do grupo Brais Pintos (Manuel Lorenzo, Fernández Ferreiro, Menéndez Ferrín ou Reimundo Patiño entre outros).

En 1966 ten que volver ao Courel pola enfermidade dos seus proxenitores.



Nestes anos, no 68, coñece á que será a súa muller, Elba Rei, casan en 1973 e teñen tres fillos. Ata 1983 vivirán entre Lugo e o Courel e será nesta década cando comece a recoñecerse como unha das figuras da nosa literatura e varios ensaístas escriben artigos sobre a súa poética.

Morreu o 30 de outubro de 1999 en Santiago de Compostela, foi enterrado logo en Lugo e homenaxeado unha e outra vez.

BIBLIOGRAFÍA

Uxío, coa súa poderosa voz e o seu delicado manexo dos recursos da expresión oral e corporal fixeron del un recitador inimitable. Soubo converter o Courel nun mito nacional, e é autor dunha presa de poemas que expresan cunha auténtica eficacia a emoción da terra, da lingua, a emoción de formarmos parte dun pobo, dunha nación e dunha esperanza.

- ***Os eidos***, Galaxia, Vigo 1955. Prólogo de Ramón Piñeiro. Poemas escritos entre 1952-1953.
- ***Elexías do Courel e outros poemas***, Colección Adonais, Rialp, Madrid, 1966. Edición Bilingüe que se reeditou en 1991 en Oleiros, Vía Láctea, co título ***Tempo de elexía***.
- ***Os eidos 2***, Galaxia, Vigo, 1974. Inclúe a "Letanía de Galicia".
- **Poemas Caligráficos**, Brais Pinto, Madrid, 1979. Limiar de Reimundo Patiño.

- **Os eidos. Libro do Courel**, Xerais, Vigo, 1981. Edición definitiva do seu libro central con poemas dos dous poemarios anteriores retocados e reordenados.
- **Muller pra lonxe**, Deputación Provincial de Lugo, 1986. Poemas de amor ilustrados con caligramas de Carlos Pardo Teixeira. Epílogo de Claudio Rodríguez Fer.
- **Do Courel a Compostela**, Sotelo Blanco, Santiago, 1988. Poemario cívico-lírico e co famoso Vietnam Canto.
- **Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras**, Espiral Maior, A Coruña, 1998.
- Narrativa infantil: **O cubil de Xabarín** (1990), **Gorgorín e Cabezón** (1992) e **Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín** (1997).

O camiño sobe
baixa torce
e morre ó lonxe...

VAI o José de Parada
atravesando il solo
a Devesa do Rebolo.

Cabalgando vagariño
cruza a terra do viño
cara Viano do Bolo.

Deixa a serra pasada.
Leva a alma asiñada
ca mágoa do camiño.

A Branca-Petra do Courel

No Bicarelo do bico do brelo
canta o paxariño.

No mesmiño
bicarelo do bico do brelo.

CAIN as follas...

Sinto unha cousa
que se apousa en min e no me toca...

NEVA no bico do cume
neva xa pola ladeira
neva no teito e na eira.

.....
.....
.....
Eu a ollar pro lume
i o lume a ollarme.
O lume sin queimarme



<http://biblioteca3p.blogspot.com/>

VALÍAS xa samente amiga
 polo que me costa non terte
 i andar a soledá nemiga.

Valías xa samente amada
 polo que me costa perderte
 e ficar a soledá tornada.

Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!
 Eiqui píntese ben pouco que é un home
 (OS EIDOS I)



LIBERTÁ chamas nos ollos tristes nas caras do METRO
 nos que xa perderon o futuro e ganan o pan con sobresalto
 na gran cidade nos tesos cumes i en todo o silencio pregun-
 tando.

Vélante os xóvenes
 i os que saben da morte e xuntan inseguranza e desamparo.
 Cando vexo un neno penso en ti
 e si oio un bruído sin nome coído que ti chegas i acude todo
 o sangue.

Todo bruído sin nome é un agoiro.

QUEN AMORES HÁ COMO DURMIRÁ

A Elba

TODA a casa toda a noite
 o escano da porta a cociña o tránsito o comedor i
 o coarto toda a noite
 todo sabe que estuveches e dimo plegando o seu
 ámeto:

eiquí

i

aiquí

i

aiquí

i

aiquí

i

aiquí

i

aiquí

i o corvo de ALLAN POE a repetir:

nunca máis

nunca máis

pedín un berro un salouco ou un gran sospiro
 soupén que pasara a noite
 cando a forza da nova ripou os seus gallos das
 miñas venas
 i entrou a luz do día



Uxío e Elba

NEVA no bico do cume
 neva xa pola ladeira
 neva no teito e na eira.

Madrid / O Courel
 (1962- 1964)